



Xa chega o Samain!!!! E como de costume, queridas familias, pedimos a vosa colaboración para a ambientación do noso colexio.



EXPOSICIÓN DE CAIXAS FOTOGRÁFICAS DE MEDO - A CAIXA DA FAMILIA ...
Tendo en conta o proxecto proposto polo Equipo de Biblioteca para este curso, **OS MUSICAIS**, este Samain ímolo centrar no musical: A familia Adams. Aquelas familias que se animen a participar, deberán forrar unha caixa (de cereais, zapatos, galletas, etc.) con papel de aluminio ou prata e pegar nunha ou máis caras da caixa, unha ou varias fotos familiares en branco e negro, con temática de Samain.

Noutra das caras debe aparecer o título: A familia ... (cos apelidos familiares).

As caixas expóranse nas entradas e corredores do colexio.

Así que xa sabedes, familias, poñede as vosas caras máis terroríficas, fotografiádevos e preparade a vosa caixa de Samain. Agardamos as vosas achegas a partir do xoves 24.



FESTA DE SAMAIN:

O mércores, día 30 de outubro, festexaremos o Samain no cole.

Os nenos e as nenas que o desexen, poden vir disfrazad@s e maquillad@s da casa.

O alumnado de El non pode traer disfraces enteiros, que dificulten a súa autonomía para ir ao baño.

Deben ter en conta que non está permitido traer a cara tapada nin complementos que presenten risco para o alumnado (espadas, tridentes, etc)

**MOITAS GRAZAS POLA VOSA COLABORACIÓN e ...
A DESFRUTAR DUN MÁXICO SAMAIN!!!**



**30 de outubro
CEIP MESTRE VALVERDE MAYO**